

Desvío nas liñas de transporte urbano por corte de tráfico na rúa Concheiros (a partir do luns 19 de abril de 2021)

Ao desvío que están a realizar as liñas 9, 13 e C5, súmase a liña C11 a partir do luns 19 de abril, polo corte de tráfico de Concheiros tamén no sentido de circulación cara a avda. de Lugo.

Así, a liña C11 desviarase desde Virxe da Cerca por San Roque retomando o seu itinerario cara Fontiñas a partir da avda. de Lugo no cruce con Concheiros.

**Novo desvío na liña C11:* desde Virxe da Cerca desviarase por San Roque, Basquiños, Pastoriza, Anxo Casal e Rodríguez de Viguri, retomando o seu itinerario cara Fontiñas a partir da avda. de Lugo.

Paradas suprimidas: 397, Porta do Camiño; 511, rúa de San Pedro nº 58; 219, Cruceiro de San Pedro; 197, Concheiros nº 64.

Paradas alternativas no desvío: 572, San Roque / 367, Pastoriza nº 22 / 535, Rodríguez de Viguri. (Concheiros) (1) A liña C11 realizará a parada 535 nos dous sentidos de circulación da liña, tanto cando vai de Fontiñas a Xeneral Pardiñas, como cando ven desviada desde San Roque ata Fontiñas.

**Desvío actual nas liñas 9, 13 e C5, nos traxectos desde Fontiñas e avda. de Lugo en sentido Concheiros – Angustia – Bonaval:* desvío pola avda. Rodríguez de Viguri, Anxo Casal, Pastoriza e rúa de San Roque, continuando desde ahí cós seus itinerarios habituais.

Paradas suprimidas: 196, Concheiros nº 39; 220, Cruceiro de San Pedro; 154, Campo da Angustia; 557, San Domingos de Bonaval; 639, Valle Inclán (La Salle).

Paradas alternativas no desvío: 366, Pastoriza nº 103A. / 573, San Roque nº 21.

